

Colexio Santo Tomás

Soc. Coop. Galega

C.I.F.: F-36.018.067

TELÉFONOS: 986 33 76 14 – 625 01 19 39

A FLORIDA - TORNEIROS - O PORRIÑO

E-mail: cpr.santotomas@edu.xunta.gal

O Porriño, 15 de xaneiro de 2024

Estimadas familias:

Os/as alumnos/as do noso centro que desexen cursar **1º BACHARELATO no centro de adscrición IES RIBEIRA DO LOURO** deberán **RESERVAR PRAZA** do **15 de xaneiro ao 5 de febreiro**.

As familias poderán **cumprimentar** o impreso de solicitude de reserva (ED550A) de xeito manual empregando o formulario en papel que levan hoxe para casa ou a través da aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) no menú:

Solicitudes – Reserva - Crear

O impreso de solicitude poderá **presentarse** a través da sede electrónica ou no noso centro:

a) Presentación **electrónica** de solicitudes (ED550A)

1. A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) e cubrir o modelo ED550A – anexo I, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda e Timbre ou calquera outro admitido pola sede) ou un sistema de usuario e clave como a *Chave365*.
2. Ademais, terán que cubrir o modelo anexo I-bis (comprobación de datos e consentimento), imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acolledor, escanealo.
3. A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo I-bis e o resto de documentación que, de ser o caso, fose precisa (libro de familia, sentenza de separación...)
4. O xustificante da presentación electrónica da solicitude só se xera cando a persoa a asine e presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.

b) Presentación **presencial** de solicitudes (ED550A)

1. A solicitude de reserva (ED550A) e o anexo I-bis, pode presentarse no noso centro.
2. Tamén deberá ir acompañada da documentación indicada no anterior punto 3º da letra a).

Aqueles alumnos/as que teñan previsto **cursar 1º de bacharelato noutros IES**, deberán esperar as instrucións e os prazos de solicitude de admisión ordinarios, do **1 ao 20 de marzo**.

Para calquera dúbida ou aclaración, poden contactar co centro en horario de 12:00 a 14:00h.

Atentamente

Equipo Directivo